

Importar preguntas dende moodle con formato gift

Instrucións xerais:

- Temos que gardar as preguntas en formato texto, codificación unite-UTF-8.
- Temos que deixar polo menos unha liña en branco entre cada pregunta.

1. Preguntas tipo opción múltiple (Única resposta)

Título da pregunta, ponse entre dous puntos por duplicado, é opcional senón se pon, a propia pregunta sería o título.

```
::Capital de España::Cal é a capital de España? {  
  =Madrid  
  ~Lisboa  
  ~Roma  
  ~París  
}
```

A pregunta

A chave é o comezo das respostas

Chave pechada, fin das respostas

Precedido polo = a resposta acertada
Precedido polo ~ a resposta incorrecta (Este símbolo sae pulsando Alt Gr e 4 e escribindo o seguinte carácter.

Con este tipo de formato podemos poñer as retroalimentacións das respostas (se queremos poñer algún comentario ao alumno dependendo da súa elección), facémolo coa # (teclas Alt Gr e 3)

Sería así:

```
::Capital de España::Cal é a capital de España? {  
=Madrid # Resposta correcta  
~Lisboa # Lisboa é a capital de Portugal  
~Roma # Roma é a capital de Italia  
~París # París é a capital de Francia  
}
```

2. Preguntas opción múltiple (Varias respostas correctas)

Neste caso para obter a máxima nota de pregunta temos que seleccionar 2 ou máis respostas correctas. Temos que asignar pesos parciais a cada resposta e ter en conta que debemos introducir pesos negativos nas respostas incorrectas para evitar que o alumno acade a máxima puntuación marcando todas as respostas. Os pesos asígnanse entre os símbolos de %. Un exemplo sería:

```
Marca nesta lista de países, cales son europeos.{  
~%50%España  
~%-50%Corea  
~%50%Bélgica  
~%-50%India  
}
```

3. Resposta curta

Poñemos un igual diante das respostas correctas. Exemplo:

```
Cantos meses ten un ano? {  
=doce  
=12  
=Doce  
}
```

En preguntas tipo resposta curta podemos poñer retroalimentación coa # pero só aparecería cando o alumnado escriba a resposta correcta.

4. Selecciona as palabras que faltan

Nesta pregunta o alumnado ten que atopar a palabra que falta nunha frase. O formato sería:

```
O cadrado ten {  
~tres  
=catro  
~cinco  
~seis } lados
```

5. Verdadeiro/falso

Só temos que sinalar se a afirmación que facemos é certa ou falsa. Podemos indicalo con {TRUE} ou {FALSE} ou abreviadamente con {T} ou {F}. Exemplo:

```
Colón descubriu África. {F}
```

Tamén podemos poñer retroalimentación, primeiro a que aparecerías se o alumno se equivoca e a segunda se acerta. Exemplo:

```
París é a capital de España. {  
T# Non!! París é a capital de Francia.#Si!! Madrid é a capital de España.  
}
```

6. Emparellamento

As parellas van precedidas polo símbolo = e están separadas polos símbolos -> (seguidos menos e maior). Exemplo:

```
Relaciona os países coas capitais: {  
=España -> Madrid  
=Francia -> París  
=Portugal->Lisboa  
}
```

7. Numérica

A resposta das preguntas numéricas debe comezar co símbolo #. Exemplo:

```
Cando se descubriu América? {  
#1492  
}
```

As respostas numéricas poden ter unha marxe de erro, que se escribirá a continuación da resposta separada por : (dous puntos). Por exemplo se a resposta está entre 1,5 e 2,5 sería {#2:0,5}. Se non se especifica a marxe de erro é 0. Exemplo:

```
Que valor ten Pi(con tres decimais de precisión)? {  
*3,1415:0.0005  
}
```

Tamén podemos escribir a resposta como un intervalo co formato {Valor mínimo..Valor máximo}. Están separados por punto punto. Exemplo:

```
Cal é o valor de Pi (con tres decimais de precisión)?{  
#3,141..3,142  
}
```

8. Ensaio

Nas preguntas tipo ensaio simplemente poñemos como resposta o campo de respostas vacío. (Lembrede que este tipo de pregunta non ten autoavaliación polo alumnado). Exemplo:

Escribe unha pequena biografía de Rosalía de Castro. { }

A continuación temos un exemplo de como quedaría o noso cuestionario cos diferentes tipos de preguntas. Se queremos poñer algún comentario no noso ficheiro de texto que non se trasladaría a moodle é con // (número 7).

//Exame profesorado IES Valle Inclán

```
::Capital de España::Cal é a capital de España? {  
=Madrid # Resposta correcta  
~Lisboa # Lisboa é a capital de Portugal  
~Roma # Roma é a capital de Italia  
~París # París é a capital de Francia  
}
```

```
Marca nesta lista de países, cales son europeos.{  
~%50%España  
~%-50%Corea  
~%50%Bélgica  
~%-50%India  
}
```

```
Cantos meses ten un ano? {  
=doce  
=12  
=Doce  
}
```

```
O cadrado ten {  
~tres  
=catro  
~cinco  
~seis } lados
```



Colón descubriu África. {F}


```
Relaciona os países coas capitais: {  
=España -> Madrid  
=Francia -> París  
=Portugal->Lisboa  
}
```

```
Cando se descubriu América? {  
#1492  
}
```


Escribe unha pequena biografía de Rosalía de Castro. { }

Gardamos o noso exame en formato gift en writer en formato UTF-8 (en word sería similar xa volo expliquei no vídeo do fomato aiken) imos a gardar como e escollemos texto (a eleixir a codificación)






Escollemos Unicode (UTF-8) e Aceptar.




Lembrete que é moi importante ter todo ben as preguntas organizadas en categorías, este apartado está nos nosos cursos na barra lateral esquerda en Administración do curso – Banco de preguntas – Categorías.

Eu vou engadir unha categoría para meter todas as preguntas do cuestionario.



E agora vou a Banco de preguntas – Importar e escollo formato gift.



Despregamos a opción general e escollemos a categoría onde queremos gardar as preguntas:

▼ General

Categoría a donde importar  Por defecto en TEC3°ESO (4)

Coincidir calificaciones 

Detenerse si se produce un error 

▼ Importar preguntas de un archivo

Importar*

Curso: TEC3°ESO

Por defecto en TEC3°ESO (4)

ELECTRICIDAD-ROBÓTICA (41)

IMPRESIÓN 3D

PLÁSTICOS (5)

Prueba exame profesorado formato gift

PRUEBA IMPORTACIÓN (3)

Categoría: Tecnoloxía e Informática

Valor por omisión para Tecnoloxía

Sistema

Predefinido (Moodle1)

Lingua galega (Moodle1) (11)

Predefinido (actividades) (10)

Predefinido (CAV) (4)

E en importar preguntas desde un archivo escollemos o noso ficheiro do exame:

▼ Importar preguntas de un archivo

Importar* Seleccione un archivo...

Puede arrastrar y soltar archivos aquí para

Importar

E despois picamos en importar
Aparece esta pantalla e picamos en continuar.

Procesando las preguntas del archivo importado.

Importando 8 preguntas desde archivo

1. Cal é a capital de España?
2. Marca nesta lista de países, cales son europeos.
3. Cantos meses ten un ano?
4. O cadrado ten ____ lados
5. Colón descubriu África.
6. Relaciona os países coas capitais:
7. Cando se descubriu América?
8. Escribe unha pequena biografía de Rosalía de Castro.

Continuar

E xa teríamos as preguntas na categoría seleccionada para metelas nos nosos cuestionarios.

☐ T	Pregunta	Creado por Nombre / Apellido(s)	Última modificación por Nombre / Apellido(s)
☐	Escribe unha pequena biografía de Rosalía de Castro.	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Relaciona os países coas capitais:	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Capital de España	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Marca nesta lista de países, cales son europeos.	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	O cadrado ten ____ lados	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Cando se descubriu América?	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Cantos meses ten un ano?	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez
☐	Colón descubriu África.	Fernando Vázquez	Fernando Vázquez

Con seleccionadas:

Prueba exame profesorado formato gift (8)